

## NORMATIVA AUTONÓMICA DE PARATRIATLON APROBADA EN ASEMBLEA XERAL DE 25/4/2017

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/05/Acta-asemblea-Xeral-25-04-2017.pdf>

Establecerase un calendario de triatlón paralímpico

- **Estudar que circuítos son aptos para este tipo de competición** xa que as condicións de seguridade da competición non son as mesmas para un tándem ou unha *handbike* que para outras bicicletas.
- **Probas con drafting (circulación en grupo no ciclismo)**- Separarase a saída dos deportistas en tempo, incluíndoos nas carreiras de menos fluxo e evitando a coincidencia no ciclismo para clases que utilicen *handbike* ou con adaptacións e a mínima coincidencia para o resto de cara a garantir a seguridade dos grupos.
- **Probas sen drafting**- Adaptar a súa participación. Na medida en que eles compiten en distancia sprint se as probas sen drafting son distancia estándar ou superior ver de adaptar o número de voltas para que fagan a metade da distancia. Por exemplo, saíndo cando hai dúas voltas de natación na 2ª volta, entrarán no circuito de ciclismo (proba sen drafting para todos) e facendo a metade adaptando circuíto de carreira a pé á metade. Isto só implica necesidade de algún oficial a maiores e non implica modificación dos permisos de tráfico.
- **Contra o reloxo**- Considerase proba sen drafting a todos os efectos. Aínda sendo de equipos pode planificarse unha saída individual de paratriatletas tendo en conta que é competición sen drafting.
- **Acordar acollemento de probas para persoas con discapacidade e material adaptado**- Acordar e negociar cos organizadores das competicións, xa aprobadas, cuxos circuítos se consideren aptos a celebración de probas, que acollan a persoas con discapacidade e material adaptado. Precisarase ter en conta outro tipo de infraestrutura, tempos de permisos de tráfico, espazos en AT, oficiais para competir sen drafting,... Isto incrementará os custos ao organizador polo que se debe ver como federación o xeito de compensalo para que os organizadores acepten incluír estas probas.